



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

**Plan Estratégico da Facultade de Ciencias da Educación**  
**Plan estratéxico de Centro (PEC)**  
**2024-2026**

**Control da elaboración e aprobación**

<b>Versión</b>	<b>Unidade/Órgano</b>	<b>Data</b>
<i>V.1. Proposta inicial</i>	<i>Comisión de Calidade</i>	08/11/2024
	<i>Informe técnico conforme da SCVTI</i>	10/12/2024
<i>V.2. Proposta XF(revisada)</i>	<i>Xunta de Facultade</i>	10/01/2025
<i>V. Final</i>	<i>Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello e Goberno</i>	



## Índice

1. Introducción	3
2. A Facultade de Ciencias da Educación	3
2.1. Orixe do centro	3
2.2. Catálogo de titulacións	4
2.3. Grupos de investigación actuais	6
2.4. Sistema de garantía da calidade	6
3. Misión, visión e valores	7
3.1. Misión	
3.2. Visión	
3.3. Valores	
4. Liñas estratéxicas	8
5. Diagnose estratéxica	10
5.1. Introducción á diagnose estratéxica	
5.2. Liña estratéxica 1	
5.2.1. Análise DAFO	
5.2.2. Análise CAME	
5.3. Liña estratéxica 2	
5.2.1. Análise DAFO	
5.2.2. Análise CAME	
5.4. Liña estratéxica 3	
5.2.1. Análise DAFO	
5.2.2. Análise CAME	
6. Obxectivos estratéxicos do Centro 2024-2026	15
7. Desenvolvemento do PEC	19



## 1. Introducción

O *Plan Estatístico da Facultade de Ciencias da Educación* da Universidade de Santiago de Compostela (USC) é o documento que permite establecer os obxectivos da Facultade e os seus modos de implementación para o período 2024-2026. O contexto do novo PEC ten lugar coa recente aprobación da LOSU 2/2023 e coa próxima renovación dos Estatutos da USC. Así mesmo a nosa Facultade celebra os 50 anos do título de Pedagogía en 2024 e continúa a problemática da división en dous edificios. O obxectivo xeral deste PEC é establecer as liñas estratéxicas e as accións específicas para a mellora da Facultade e de toda a comunidade universitaria consonte ás directrices xerais da USC.

A integración nun edificio único, que supere as limitacións actuais, preséntase como un reto importante para a impartición dos novos graos.

O deseño do *Plan Estatístico da Facultade de Ciencias da Educación* (USC) foi iniciado seguindo o proceso P01-PE-01 Planificación estratéxica do sistema de garantía da calidade da USC a nivel de centro, para o que se toman en consideración aquelas cuestións dispostas no *Plan Estatístico Ponte* (2020-22). A nivel institucional este documento elaborouse ao abeiro das *Liñas Xerais da Programación Plurianual 2023-2026* e do *Plan Estatístico da USC 2024-2026* aprobado o 25 de xuño de 2024. No *Plan Estatístico 2024-2026* da USC defínese como “un período de execución de tres anos (2024-2026), onde se inclúen as formulacións da *Programación Plurianual* vixente e dos diferentes plans sectorais aprobados polo Consello de Goberno e pretende ser o marco xeral onde se acollen os plans estratéxicos das escolas e facultades”. Á iniciativa da Dirección deste centro ditouse o nomeamento do grupo de traballo, cuxa responsabilidade recae na Comisión de Calidade do Centro (CCC), quen efectúa unha análise das necesidades, expectativas e suxestións de mellora, escoitando aos grupos de interese (profesorado, alumnado, PTXA e dirección). Trala diagnose, iníciase un proceso de reflexión e análise conxunta de tódolos axentes liderado polo Equipo Decanal, planifícanse as liñas estratéxicas segundo o *Manual de Indicadores e Informes da USC* e as iniciativas a seguir. A continuación, procédese á exposición pública para asegurar a participación de todos os grupos de interese (proceso PS-06, Información Pública).

A elaboración final do *Plan Estatístico de Centro* (PEC) foi aprobada pola CCC na súa reunión do 10 de xullo de 2024. Posteriormente foi informado positivamente pola Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización o 10/12/2024 de 2024 e aprobado pola Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias da Educación o 10/01/2025 de 2024. A aprobación final do Plan Estatístico foi realizada pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o **xxxxxx** de 2025.

## 2. A Facultade de Ciencias da Educación

### 2.1. Orixe do centro

Pola regulamentación do Real decreto do 30 de marzo de 1849, establecíanse escolas normais superiores nas capitais de distritos universitarios. Nacía, así, a Escola Normal Superior de Mestres da Universidade de Santiago de Compostela, antecedente da actual Facultade de Ciencias da Educación. Situouse no edificio do antigo colexio de San Xerome. A Escola Normal de Mestras creouse en Santiago, en virtude dunha Real orde do 6 de decembro de 1930. Pouco despois, coa chegada da Segunda República, facía a súa aparición o lembrado Plano profesional, en réxime de coeducación.



A partir de 1945, os centros pasaron a denominarse Escolas de Maxisterio: “López Ferreiro”, a de mestres, e “Isabel La Católica”, a de mestras, reunificadas ambas en 1964. Coa chegada da Lei Xeral de Educación (1970) produciuse a integración das escolas normais na universidade. Nacía, desta maneira, a Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB de Santiago de Compostela.

No curso 1973-74 recoñeciáanse as ensinanzas de Filosofía e Ciencias da Educación na universidade compostelá. Pouco despois, en 1975, creábase a Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, na que se integraron as Seccións de Filosofía, Pedagogía e Psicoloxía. Da segregación da anterior Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación xurdiron novas facultades.

Polo Decreto 384/1996, do 17 de outubro (*DOG*, do 5 de novembro), a Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB no campus de Santiago suprimíase como tal e quedaba integrada na estrutura propia da nova Facultade de Ciencias da Educación.

Continuou, porén, ata a actualidade a problemática da existencia de dous edificios distanciados: o do campus norte, onde se imparten os graos de Mestre/a en Educación Primaria, Mestre/a en Educación Infantil e Dobre Grao, xunto cos mestrados universitarios en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas e en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria; e o do campus sur, onde se imparten os graos en Pedagogía e en Educación Social e tres mestrados: Mestrado Universitario en Igualdade, Xénero e Educación; Mestrado Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario e Mestrado Universitario en Procesos de Formación. Ademais, desde o centro coordínanse tres programas de Doutoramento: Programa de Doutoramento en Educación; Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación e Programa de Doutoramento en Didáctica das Ciencias Experimentais.

Na Facultade de Ciencias de Educación teñen a súa sede dous departamentos da USC: Didácticas Aplicadas e Pedagogía e Didáctica.

A localización da Facultade en dous edificios, situados cada un nun campus diferente, Norte e Sur, separados por unha distancia de tres km, condiciona unha división do alumnado, do persoal con desprazamentos de profesorado que combina docencia nos dous campus nos diferentes títulos, ademais do mantemento dunha infraestrutura e recursos por duplicado. Pode salientarse o mal estado do edificio do campus Norte.

Segundo a Resolución reitoral do 8/7/2024 O 24 de xuño de 2024, a Comisión Xeral de Espazos da Universidade de Santiago de Compostela acordou realizar a seguinte proposta para a asignación de espazos de docencia e investigación no Campus Sur: a asignación de espazos á Facultade de Ciencias da Educación no edificio E-225 que será efectiva en setembro do curso 2025-2026.

## 2.2. Catálogo actual de titulacións

As titulacións de Grao sitúanse nos primeiros postos na demanda nacional polas súas elevadas notas de corte. O Programa de Doutoramento en Educación é o de maior demanda da USC e o segundo máis demandado en Ciencias da Educación.

Actualmente, na Facultade de Ciencias da Educación acóllense os seguintes títulos de grao:

### 1. Grao en Educación Social:

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 385/2009 do 27 de agosto (*DOG* 16/09/09).
- Data de publicación no *BOE*: 5 de marzo de 2010 (Correc\_err: 13 de xullo de 2010).

### 2. Grao en Pedagogía:

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 385/2009 do 27 de agosto (*DOG* 16/09/09).



- Data de publicación no *BOE*: 5 de marzo de 2010 (Correc\_err: 13 de xullo de 2010).
  - 3. Grao en Mestre/a de Educación Primaria:
    - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 150/2010 do 16 de setembro (*DOG* 23/09/10). Correc\_err: Decreto 245/2011 (*DOG* 3/1/2012).
    - Data de publicación no *BOE*: 23 de marzo de 2015 (Mod. 19/12/2016).
  - 4. Grao en Mestre/a de Educación Infantil:
    - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 150/2010 do 16 de setembro (*DOG* 23/09/10). Correc\_err: Decreto 245/2011 (*DOG* 3/1/2012).
    - Data de publicación no *BOE*: 23 de marzo de 2015 (Mod. 19/12/2016).
  - 5. Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e en Mestre/a de Educación Primaria:
    - Curso de implantación: 2017-2018.
- Da mesma forma están adscritos como títulos oficiais os seguintes mestrados:
1. Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas (dispoñible en seis especialidades distintas: Artes; Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática; Ciencias Sociais e Humanidades; Formación Profesional: Sector Servizos; Linguas e Literaturas; Orientación Educativa):
    - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 434/2009 do 3 de decembro (*DOG* 15/12/2009).
    - Data de publicación no *BOE*: 11 de xullo de 2011.
  2. Mestrado Universitario en Igualdade, Xénero e Educación:
    - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: 4/06/2015 (*DOG* 17/10/2015).
    - Data de publicación no *BOE*: 18 de marzo de 2016.
  3. Mestrado Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario:
    - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 434/2009 do 3 de decembro (*DOG* 15/12/2009).
    - Data de publicación no *BOE*: 24 de agosto de 2010.
  4. Mestrado Universitario en Procesos de Formación:
    - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 434/2009 do 3 de decembro (*DOG* 15/12/2009).
    - Data de publicación no *BOE*: 24 de agosto de 2010.
  5. Mestrado Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria:
    - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Orde do 13 de xuño de 2018 (*DOG* 29/06/2018).
    - Data de publicación no *BOE*: 7 de setembro de 2018.

En síntese, as titulacións oficiais da Facultade de Ciencias da Educación son:

- Grao en Pedagogía. Código RUCT: 2501110; Código USC G3081.
- Grao en Educación Social. Código RUCT: 2501109; Código USC G3091.
- Grao en Mestre/a en Educación Infantil (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo). Código RUCT: 2502228; Código USC G3121.
- Grao en Mestre/a en Educación Primaria (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo). Código RUCT: 2502229; Código USC G3141.



- Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo). Código RUCT: 4311008; Código USC P3241.
- Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario. Código RUCT: 4311773; Código USC P3091.
- Máster Universitario en Procesos de Formación. Código RUCT: 4311781; Código USC P3261.
- Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación. Código RUCT: 4315428; Código USC P3022.
- Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria. Código RUCT: 4316441; Código USC P3401 (Compartido coa Universidade da Coruña de coa Universidade de Vigo).

### 2.3. Grupos de investigacións actuais

#### Grupos de Investigación do Departamento de Didácticas Aplicadas<sup>1</sup>

Grupo	Coordinadora
GI-1667 Razoamento, Discurso e Argumentación	Puig Mauriz, B.
GI-1839 Literatura galega. Literatura Infantil e Xuvenil. Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas	Franco Vázquez, M. C.

#### Grupos de Investigación do Departamento de Pedagogía e Didáctica<sup>2</sup>

Grupo	Coordinador/a
GI-1438 Tecnoloxía Educativa	Cebreiro López, B.
GI-1439 Grupo de investigación Stellae	Gewerc Barujel, A.
GI-1444 Grupo Interuniversitario de Estudos	Trillo Alonso, J. F.
GI-1447 Pedagogía Social e Educación Ambiental	Caride Gómez, J. A.
GI-1451 Terceira Xeración	Touriñan López, J. M.
GI-1468 Diagnóstico e Orientación Educativa e Profesional	Fernández Rey, E.
GI-1469 Investigación, diagnóstico educativo e avaliación	Porto Castro, A. M.
GI-1790 ESCULCA - Coñecemento e Acción Educativa	Santos Rego, M. A.
GI-2165 Grupo de Investigación ATALAIA	Fernández Tilve, M. D.

### 2.4. Sistema de garantía da calidade

O sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación configúrase a través do Manual do Sistema e do Manual de Procedementos actualizados no mes de decembro do 2021. Os órganos do Sistema de Garantía da Calidade están formados pola Responsable de Calidade do Centro (RCC), a Comisión de Calidade do Centro e a Comisión Académica, así como as Comisións de Título (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-educacion/calidade/organos-sistema-garantia-calidade>).

<sup>1</sup> <https://investigacion.usc.gal/grupos/unidades/1913/listado>

<sup>2</sup> <https://investigacion.usc.gal/grupos/unidades/1939/listado>



A Facultade de Ciencias da Educación conta cunha Política de Calidade definida no Manual do SGC exposta publicamente na páxina Web da facultade para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Na Web da facultade tamén está dispoñible o Manual de procesos do SGC. Esta Política revísase con periodicidade, a máis recente actualización da mesma data do ano 2023.

## 3. Misión, visión e valores

### 3.1. Misión

A Facultade de Ciencias da Educación como institución pública ten como misión a formación integral de profesionais da educación a través da docencia, investigación e innovación.

Para iso é un compromiso desta Facultade manter unha oferta docente de grao e posgrao actualizada e de calidade aberta ás necesidades sociais.

A Facultade acolle grupos de investigación de referencia e potencial crecemento en Ciencias da Educación e promove o desenvolvemento educativo e social en relación con centros educativos, organizacións, empresas e institucións.

### 3.2. Visión

Esta Facultade quere continuar a ser recoñecida como un referente na investigación e no desenvolvemento de solucións socioeducativas no ámbito nacional e internacional. Isto coa mira posta no servizo ás institucións, aos centros educativos e ás entidades que dan soporte formativo na sociedade galega.

Unha Facultade que siga a destacar pola súa oferta atractiva, capaz de captar ao mellor alumnado do estado e doutros países.

Unha Facultade aberta á colaboración coa sociedade, cos/as seus/súas egresados/as e cos/as profesionais que contribúen ao tecido educativo e social do país.

Unha Facultade activa que se preocupa da formación de toda a comunidade universitaria e mesmo chega lonxe proxectando accións de transferencia do coñecemento para axudar máis alá das súas paredes, a través de cursos, proxectos e diversas actividades de divulgación.

Unha Facultade comprometida coa educación de calidade, coa formación e co desenvolvemento de cada unha das persoas que a compoñen ao abeiro dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

### 3.3. Valores

Cunha Facultade que nace no 1849 coa creación da Escola Normal Superior de Mestres da Universidade de Santiago de Compostela evidénciase unha forte identidade na sociedade galega como institución pioneira na formación de mestras/es, pedagogas/os e educadoras/es sociais. Por iso, os valores que detenta esta Facultade son:

- A defensa e promoción da lingua e cultura galega.
- O respecto aos dereitos e deberes de todas as persoas e, en particular, do noso estudantado e das traballadoras e traballadores.
- A procura permanente da excelencia en todas as actividades universitarias.
- A transparencia, o rendemento de contas, a eficiencia e a eficacia na xestión dos recursos.
- A formación integral do noso estudantado como cidadanía comprometida.
- A internacionalización do currículo por medio da implantación de diferentes actividades de colaboración.
- A xestión baseada no diálogo, na participación, na confianza e na responsabilidade compartida.





- O respecto á diversidade e a promoción da perspectiva de xénero en todas as súas accións.
- A equidade e a supresión de todo tipo de discriminacións no marco dunha educación inclusiva.
- O fomento dunha cultura da paz.
- A transferencia de coñecemento á sociedade como achega ao desenvolvemento social e educativo.
- O desenvolvemento sostible que afecta aos impactos significativos da organización sobre a economía, o medio ambiente, as persoas, incluíndo os impactos que afectan aos dereitos humanos, e como os xestiona.
- O coidado como eixo dunha especial sensibilidade na comunidade univertaria.
- A atención ao ensino en todo o territorio, pero especialmente no rural.

## 4. Liñas estratéxicas

O Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias da Educación 2024-2026 está integrado por catro liñas estratéxicas definidas en consonancia coas liñas xerais do Plan Estratéxico da USC 2024-2026 coa Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024-2026, elaborada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e coas necesidades e expectativas dos grupos de interese, tal e como establece o proceso PE-01 Planificación Estratéxica do manual de procesos do SGC da Facultade de Ciencias da Educación.

Na táboa que se amosa a continuación pode verse a correlación co Plan Estratéxico da USC 2024-2026 e o elaborado pola Facultade de Ciencias da Educación:

Liñas estratéxicas USC 2024-2026	Liñas estratéxicas Facultade CC. Educación 24-26
1. O estudiantado e a comunidade universitaria	1.Docencia e formación: estudiantado e a comunidade universitaria
2. A formación e a docencia no novo contexto	
3. Os retos na política de persoal	
4. A investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar	2.Investigación e innovación: potenciamento e contribución social
5. A senda da internacionalización	
6. A procura de infraestruturas ecoeficientes	3.Infraestruturas e recursos: conservación, mellora e xestión eficiente
7. A USC na era da transformación dixital	
8. A xestión eficiente dos recursos	





### Liñas estratéxicas Facultade CC. Educación 24-26

1. Docencia e formación: o estudantado e a comunidade universitaria.
2. Investigación e innovación: potenciamento e contribución social.
3. Infraestruturas e recursos: conservación, mellora e xestión eficiente.

#### LEC 1. Docencia e formación: o estudantado e a comunidade universitaria.

A liña estratéxica “Docencia e formación: o estudantado e a comunidade universitaria” é esencial nunha Facultade de Ciencias da Educación, que ten como o seu pilar fundamental unha docencia de calidade para contribuír aos procesos formativos da comunidade. A oferta da Facultade é atractiva, tal como demostra a demanda nacional, pois as notas de corte da Facultade sitúanse entre as mellores do estado. Os programas das materias e os horarios son revisados anualmente segundo criterios de calidade e o labor de transferencia é promovido a través de proxectos ApS, tecnolóxicos, sociais etc. Trabállase, ademais, na mellora da empregabilidade e a relación cos egresados/as do centro.

#### LEC 2. Investigación e innovación: potenciamento e contribución social.

A liña estratéxica “Investigación e innovación: potenciamento e contribución social” constitúe outra das fortalezas para crear oportunidades de crecemento.

A alta demanda dos tres Programas de Doutoramento, a existencia de grupos de investigación de referencia competitiva e de potencial crecemento, e os altos niveis de produción dos grupos, fan do noso centro un referente científico nas Ciencias Sociais. Boa proba é que na edición 2023 do QS World University Ranking por materias, dentro das Ciencias Sociais, Educación está situada nun posto moi alto (301-350) . A isto cómpre engadir a inserción no consorcio EUniwell, que ten na educación unha das súas 5 áreas de traballo, onde participa o noso alumnado e profesorado.

#### LEC 3. Infraestruturas e recursos: conservación, mellora e xestión eficiente.

A liña estratéxica “Infraestruturas e recursos: conservación, mellora e xestión eficiente” é necesaria para asegurar o correcto desenvolvemento dos labores de docencia, aprendizaxe, investigación e transferencia. Sendo unha Facultade dividida en dous edificios con grandes carencias que están a ser periodicamente melloradas, é preciso continuar a adaptar as mellorables condicións existentes para unha docencia que estea aliñada coa innovación educativa e o desenvolvemento persoal e profesional de cada un dos seus membros. Para isto é preciso manter unha xestión dos recursos eficiente e sustentable.

No anterior Plan Estratéxico formulábase unha liña estratéxica sobre Calidade, que queda asumida como transversal a este Plan, pois optouse por centrar os esforzos en metas que repercutan directamente na mellora das persoas e dos recursos, para asegurar a eficacia das accións.



## 5. Diagnose estratéxica

### 5.1. Introducción á diagnose estratéxica

Neste primeiro paso, tal como marca o *Manual de procesos de centro* (PE-01), faise unha diagnose estratéxica compartida polos grupos de interese (profesorado, alumnado, persoal de apoio, comisión de calidade e equipo do decanato) que inclúe:

- Análise da situación actual mediante o instrumento DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades).
- Análise prospectiva da situación futura que orienta a estratexia mediante o instrumento CAME (corrixir, afrontar, manter e explotar).
- Planificación e prioridade das iniciativas a seguir.

### 5.2. Liña estratéxica 1. Docencia e formación: o estudiantado e a comunidade universitaria.

#### 5.2.1. Análise DAFO – LEC 1

<b>LEC 1. Docencia e formación: o estudiantado e a comunidade universitaria.</b>
<b>FORTALEZAS</b>
Prestixio social da USC e da Facultade de Ciencias da Educación.
Competencias docentes e innovación.
Diversidade de materias.
Equipo docente interxeracional ben conectado e cun bo clima de traballo.
Facilidade de comunicación entre o profesorado e alumnado.
Incorporación de novo profesorado.
Amplo número de actividades na facultade (saídas, prácticas de campo, cursos, conferencias, proxectos innovadores entre unha ou varias materias).
Profesorado estable en crecemento.
Continuación na liña de traballo intermásteres.
Melloras continuas do proceso formativo, control sobre as prácticas na Facultade.
Profesorado comprometido co proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Alumnado con alta capacidade de adaptación e proactivo.
Crecente demanda social nas titulacións, como se evidencia nun acceso de notas altas.
Elevada implicación do profesorado co estudiantado a través de accións como o PAT.
Alumnado implicado na representación estudiantil e na participación das actividades do centro.
<b>DEBILIDADES</b>
Melloras na coordinación docente.
Baixa mobilidade nos másteres.



Cambios continuos de POD e grupos grandes de docencia.
O efecto da IA na avaliación.
Calendario: solapamento optativas.
Novos docentes requiren máis formación e acollida.
Sobrecarga docente polos grupos amplos, tribunais, tarefas de xestión e investigación.
Unha parte do PDI non amosa interese por actualizarse en TIC.
Amplitude de Títulos que dificulta os horarios.
Información para atender a todo o alumnado nas súas necesidades.
As competencias lingüísticas do alumnado que non ten o galego como lingua materna.
Alto número de alumnado de dispensa.
Chegada descontextualizada á titulación e falta de referentes profesionais (colexio e outros entes).
Escasa cohesión nas aulas que vai mellorando cos cursos e dificultades no estudantado en saúde mental.
A coordinación entre o profesorado que imparte a mesma materia.
Descompensación nos grupos interactivos. Existen materias nas que os grupos interactivos están desequilibrados.
<b>OPORTUNIDADES</b>
Reunións de título para a coordinación de contidos e aprendizaxe de boas prácticas.
Uso dos medios virtuais para favorecer a coordinación.
Ferramentas virtuais para mellorar a docencia.
Prácticas e actividades complementarias.
Novas visións do profesorado novel.
Oferta de cursos formativos para actualización do PDI.
Alumnado que elixe os nosos graos en primeira opción.
Maior visibilidade e publicidade das actividades que se realizan en colaboración con asociacións, colexios profesionais, etc.
Oferta de titulacións exclusivas en Galicia.
O afianzamento do PAT.
Manexo de novas tecnoloxías e ferramentas virtuais.
Implicación das representacións estudiantís na xestión colaborativa como contribución á mellora.
Diversidade de oferta de actividades culturais, de investigación, etc.
Sistematización dos procesos.
Labor feito dende o decanato para axudar en todos os procesos que implica o SGC.
<b>AMEAZAS</b>
Perda de profesorado con ampla traxectoria universitaria por xubilación.
Estratexias que favorezan a empregabilidade (saídas, prácticas de campo, cursos, conferencias, proxectos innovadores entre unha ou varias materias).
Carga de traballo elevada pola división en dous edificios.
Escasa dispoñibilidade de tempo que pode levar á ausencia de formación continua por parte do PDI.



Falta de accesibilidade aos espazos.
Descoñecemento do funcionamento a nivel facultade e falta do significado e importancia deste por parte do profesorado.
Excesiva burocratización.
Dificultades para que o alumnado participe voluntariamente. Escasa participación do alumnado en procesos como as enquisas.
Importancia de fortalecer a calidade dos procesos a través da implicación do estudantado e do profesorado.
A identidade como Facultade no eido das Ciencias Sociais.
Falta de seguimento dos/as egresados/as.

### 5.2.2. Análise CAME – LEC 1

Fíxose unha análise dos aspectos a corrixir, afrontar, manter e explotar no futuro, que en síntese pódense resumir nos seguintes:

Respecto ao alumnado:

- Corrixir o déficit lingüístico coa difusión dos cursos de linguas da USC para o estudantado que está afastado do galego como lingua primeira.
- Afrontar os problemas de interrelación nas aulas a través das coordinacións de curso e as accións formativas enmarcadas no PAT.
- Manter o compromiso do profesorado e alumnado e colaboradores externos como referentes na docencia, investigación, innovación para fomentar perfís profesionais diversos.
- Explotar o PAT como medio de integración, atención ao alumnado e mellora do seu desenvolvemento persoal, académico e profesional.

Respecto á docencia:

- Corrixir á desmotivación do alumnado a través do PAT e a formación do PDI.
- Manter a boa conexión e comunicación entre docentes e estudantado.

### 5.3. Liña estratéxica 2. Investigación e innovación: potenciamento e contribución social.

#### 5.3.1. Análise DAFO – LEC 2

<b>LEC 2. Investigación e innovación: potenciamento e contribución social.</b>
<b>DEBILIDADES</b>
Necesidade de máis persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) segundo o volume da Facultade.
Elevada mobilidade do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) e falta de mecanismos que aseguren a transferencia da experiencia entre o persoal entrante e saínte.
Falta de mecanismos para facilitar a convivencia entre profesorado e estudantado de ambos campus por mor da división das instalacións da Facultade.
Falta de espazos específicos para a innovación.
<b>AMEAZAS</b>



Carencia de espazos para a docencia, a investigación e a convivencia, o que limita o emprego de aulas específicas pola coincidencia horaria.
Déficit de profesorado con prazas consolidadas e un elevado número de profesorado en situación de interinidade, o que supón a gran mobilidade dunha numerosa parte do PDI.
Carencia de profesorado para asumir responsabilidades nalgúns áreas e concentración nos cadros de persoal do profesorado dalgunhas funcións específicas como a titorización de TFG e TFM ou a condición de membro de tribunais.
<b>FORTALEZAS</b>
Cadro de profesorado cualificado, comprometido e cunha elevada especialización.
Compromiso do profesorado para a colaboración en tarefas docentes (tribunais ou apoio administrativo).
A posibilidade dun diálogo aberto nos equipos co profesorado e estudantado e apertura a novas propostas futuras.
Existencia de grupos de investigación no centro consolidados e referentes a nivel nacional e internacional.
Existencia de servizos especializados para o apoio a docencia e a investigación: servizo de recursos psicopedagóxicos e unidades especializadas.
Existencia de bibliotecas cun persoal altamente formado e comprometido que da resposta ás necesidades de estudantado (ex. formación en competencias de xestión da información) e profesorado (ex. formacións promovidas por demanda da Facultade para a capacitación investigadoras).
<b>OPORTUNIDADES</b>
Posibilidade, diante da incorporación de novo profesorado, de especialización da Facultade en novas liñas de traballo.
Posibilidade, a través da realización de melloras, de xerar novos espazos dinámicos para a docencia.
Presenza no centro de grupos de investigación consolidados que poden servir de eixe para o deseño e implementación de proxectos entre a Facultade e outras institucións.

### 5.3.2. Análise CAME – LEC 2

- Afrontar a realidade interxeracional docente como unha oportunidade de enriquecemento mutuo.
- Fomentar a boa acollida da formación entre o PDI.
- Apoiarse na forte investigación e nas potencialidades dos proxectos de innovación educativa.

## 5.4. Liña estratéxica 3. Infraestruturas e recursos: conservación, mellora e xestión eficiente.

### 5.3.1. Análise DAFO – LEC 3

#### LEC 2. Infraestruturas e recursos: conservación, mellora e xestión eficiente.

##### DEBILIDADES

Necesidade de máis persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) segundo o volume da Facultade.

Elevada mobilidade do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) e falta de mecanismos que aseguren a transferencia da experiencia entre o persoal entrante e saínte.

Falta de mecanismos para facilitar a convivencia entre profesorado e estudantado de ambos campus por mor da división das instalacións da Facultade.



Falta de espazos específicos para a experimentación que inflúe na elección de docencia e nos horarios.
<b>AMEAZAS</b>
Graves déficits das infraestruturas (deterioradas e insuficientes) e recursos para a docencia e a investigación.
Fragmentación do centro en dúas infraestruturas separadas e distantes.
Accesibilidade do centro ás persoas con dificultades asociadas á mobilidade.
<b>FORTALEZAS</b>
As instalacións (Campus Vida) están situadas nunha contorna que permite a apertura ao medio e á comunidade local.
Existencia dunha implicación efectiva do equipo decanal para a mellora das infraestruturas.
Existencia dun coidado elevado dos espazos detectado polo estudiantado e profesorado dos diferentes títulos da Facultade.
A posibilidade dun diálogo aberto nos equipos co profesorado e estudiantado e apertura a novas propostas futuras.
Medios tecnolóxicos xestionados polo centro que facilitan a comunicación e a optimización dos tempos.
Existencia de bibliotecas con acceso aberto aos fondos.
<b>OPORTUNIDADES</b>
Presenza na Facultade de novos espazos (ex. Laboratorio Edumaker) para xerar procesos de innovación na aula co estudiantado.
Posibilidade de realización de novas melloras nos espazos da Facultade (ex. Salón de Actos, Polos Creativos, etc.).
Posibilidade, a través da realización de melloras, de xerar novos espazos dinámicos para a docencia.

### 5.3.2. Análise CAME – LEC 3

Respecto ás infraestruturas e recursos humanos e materiais:

- Corrixir á separación en dous edificios reclamando a unión nun só edificio e favorecendo a realización de todas as actividades de xeito común.
- Afrontar a necesidade de xerar novos mecanismos para fomentar a convivencia entre profesorado e estudiantado de ambos campus.
- Manter o compromiso do equipo decanal e da comunidade da Facultade (PDI, PTXAS e estudiantado) polo coidado dos espazos e na demanda de novas infraestruturas ecoeficientes (Liña 6 do Plan Estratégico 2024-2026 da USC).
- Explotar a mellora dos espazos existentes para unha docencia innovadora na era da transformación dixital (Liña 7 do Plan Estratégico 2024-2026 da USC) e a convivencia e o traballo en grupo do estudiantado.
- Afrontar a dotación e o mantemento de instalacións e mobiliario e a realización de melloras con equipamentos flexibles e recursos didácticos dirixidos á innovación e á xeración de aulas polivalentes (Liña 7 do Plan Estratégico 2024-2026 da USC).

Respecto do sistema de Calidade é preciso corrixir o descoñecemento do novo profesorado e alumnado sobre os procesos de Calidade e afrontar calquera toma de datos, así como revisións de títulos externa como un punto de partida para a toma de decisións compartidas e unha oportunidade de mellora. En concreto, motivar a recollida das enquisas do alumnado baseándose no seu compromiso e na implicación do profesorado coordinador.

- Manter a sistematización dos procesos como un apoio desde o decanato a toda a comunidade universitaria.
- Explotar o bo funcionamento das coordinacións e das melloras no proceso formativo.

## 6. Obxectivos estratéxicos do Centro 2024-2026

### 6.1. Introducción aos obxectivos estratéxicos

Os obxectivos estratéxicos do centro 2024-2026 formuláronse a partir das liñas estratéxicas. Tal como suxire *Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024 – 2026* (Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización) insírese un cadro de mando onde se establecen estes obxectivos estratéxicos, coas correspondentes accións asociadas, así como os posibles indicadores de execución e posibles evidencias a recoller, de modo que faciliten ao seguimento dos mesmos. No marco temporal vixente sinálanse aqueles obxectivos alcanzables en consonancia coas liñas xerais do Plan Estratéxico da USC 2024-2026 e coas necesidades e expectativas dos grupos de interese, tal e como establece o proceso PE-01 Planificación Estratéxica do manual de procesos do SGC da Facultade de Ciencias da Educación.

LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO	Obxectivo estratéxico	Período de execución	Acción
<b>LEC 1. Docencia e formación: estudiantado e a comunidade universitaria.</b>	OE 1.1. Mellorar a cohesión dos grupos-clase	Outubro/ anual	AC 1.1.1. Recordatorio da Guía para a coordinación docente AC 1.1.2. Difusión de actividades
	OE 1.2. Elevar o nivel de competencia lingüística	Primeiro semestre	AC 1.2.1. Xornadas de Lingua
	OE 1.3. Promover actividades con profesionais externos	Segundo semestre	AC 1.3.1. Programa de orientación laboral e profesional
	OE 1.4. Impulsar o PAT	Anual	AC 1.4.1. Formación PDI
	OE 1.5. Mellorar o perfil profesional	Anual Segundo semestre	AC 1.5.1. Formulario de contacto AC 1.5.2. Estudo de empregabilidade
<b>LEC 2. Investigación e innovación: potenciamento e contribución social.</b>	OE 2.1. Promover o enriquecemento interxeracional	Anual	AC 2.1.1. Convocatoria
	OE 2.2. Organizar accións formativas para PDI	Primeiro semestre	AC 2.2.1. Curso mellora sobre a competencia dixital AC 2.2.2. Curso formación investigadora
	OE 2.3. Potenciar a innovación educativa	Setembro-outubro	AC 2.3.1. Convocatoria proxectos AC 2.3.2. Xornada de innovación educativa



<b>LEC 3. infraestruturas e recursos: conservación, mellora a xestión eficiente.</b>	OE 3.1. Demandar espazos ecoeficientes comúns e compartidos	2025-2026	AC 3.1.1. Despachos no módulo C2 e campus Norte
	OE 3.2. Restaurar e renovar dos espazos de docencia e investigación	2024-2025	AC 3.2.1. Convenio coa Xunta. Espazo Polo Creativo
	OE 3.3. Xerar e manter equipamentos flexibles e materiais docentes para unha docencia innovadora e o fortalecemento da convivencia	2024-2025	AC 3.3.1. Revisión e promoción do noso patrimonio e posibilidades

Numeración segundo os indicadores do Plan Estratéxico USC 2024-2026 (Anexo I).

## 6.2. Liña estratéxica 1. Docencia e formación: estudiantado e a comunidade universitaria.

<b>LEC 1: Docencia e formación: estudiantado e a comunidade universitaria.</b>	
<b>OE 1: Mellorar a cohesión dos grupos-clase</b>	
<i>Analizada a situación dos grupos considérase necesario promover unha participación activa.</i>	
<b>Acción 1:</b> Recordatorio da Guía para a coordinación docente	
<b>Responsable:</b> Coordinacións de curso	<b>Período:</b> execución anual
<b>Evidencia documental:</b> acta / convocatorias aula virtual	<b>Indicadores<sup>3</sup>:</b> 5-6
	<b>Meta:</b> Asegurar unha reunión trimestral delegada/o coordinación para potenciar o seu liderado
<b>Acción 2:</b> Difusión de actividades	
<b>Responsable:</b> Coordinacións de curso e título	<b>Período execución</b>
<b>Evidencia documental:</b> comunicacións aula virtual	<b>Indicadores:</b> 5-6
	<b>Meta:</b> aumentar o número de actividades compartidas fóra das materias.
<b>OE 2: Elevar o nivel de competencia lingüística</b>	
<i>Detectado un menor uso e competencia na lingua, cómpre apoiar accións de reforzo e dinamización.</i>	
<b>Acción 1:</b> Xornadas da Lingua e outras actividades de dinamización	
<b>Responsable:</b> María López Sande (Vicedecana)	<b>Período:</b> execución anual
<b>Evidencia documental:</b> acta / convocatorias aula virtual	<b>Indicadores:</b> 14
	<b>Meta:</b> celebrar actividades sobre a lingua.
<b>OE 3: Promover actividades con profesionais externos</b>	
<i>Recóllese a demanda dunha mellora da identidade profesional.</i>	
<b>Acción 1:</b> Programa de orientación laboral e profesional	
<b>Responsables:</b> Coordinacións de Título e Prácticum	<b>Período:</b> segundo semestre
<b>Evidencia documental:</b> cartaz, aula virtual	<b>Indicadores:</b> 17-22
	<b>Meta:</b> consolidar actividades de orientación (PAT)

<sup>3</sup> Numeración dos indicadores segundo os indicadores do Plan Estratéxico USC 2024-2026 (Anexo I).

<b>OE 4: Impulsar o PAT</b>	
<i>Considérase valioso ofrecer un apoio integral ao alumnado.</i>	
<b>Acción 2:</b> Accións formativas para o PDI.	
<b>Responsable:</b> Isabel Dans (Vicedecana)	<b>Período execución:</b> anual
<b>Evidencia documental:</b> comunicacións e actas	<b>Indicadores:</b> 16-19
	<b>Meta:</b> implementar en todas as titulacións.
<b>OE 5: Mellorar o perfil profesional</b>	
<i>Precísase coñecer con datos o perfil profesional real para favorecer a empregabilidade a través de accións específicas para os diferentes eidos.</i>	
<b>Acción 1:</b> Analizar o perfil das persoas egresadas.	
<b>Responsable:</b> Decanato	<b>Período execución:</b> anual
<b>Evidencia documental:</b> formulario de egresados/as e informe de resultados.	<b>Indicadores:</b> 17-22
	<b>Meta:</b> datos actualizados do perfil de egreso.

### 6.3. Liña estratéxica 2. Investigación e innovación: potenciamento e contribución social.

<b>LEC 2: Investigación e innovación: potenciamento e contribución social.</b>	
<b>OE 1: Promover o enriquecemento interxeracional</b>	
<i>Existencia de novas incorporacións no PDI, que xera a necesidade de comunicación e intercambio.</i>	
<b>Acción 1:</b> Favorecer as reunións presenciais.	
<b>Responsable:</b> Decanato	<b>Período execución</b>
<b>Evidencia documental:</b> convocatorias	<b>Indicador:</b> 16
	<b>Meta:</b> xuntanzas e sesións presenciais
<b>OE 2: Organizar accións formativas para PDI</b>	
<i>Elevar a participación do PDI na formación.</i>	
<b>Acción 1:</b> Curso mellora sobre a competencia dixital	
<b>Responsables:</b> Mar Lorenzo (Decana) e Isabel Dans (Vicedecana)	<b>Período execución:</b> primeiro semestre
<b>Evidencia documental:</b> aula virtual e páxina web	<b>Indicadores:</b> 25-26
	<b>Meta:</b> Mínimo, 2 accións formativas anuais
<b>Acción 2:</b> Curso formación investigadora	
<b>Responsables:</b> Mar Lorenzo (Decana) e Isabel Dans (Vicedecana)	<b>Período execución:</b> segundo semestre
<b>Evidencia documental:</b> aula virtual e páxina web	<b>Indicadores:</b> 25-26
	<b>Meta:</b> mínimo 1 formación.
<b>OE 3: Potenciar a innovación educativa</b>	

*Recollida a demanda de difundir os proxectos que se realizan nas materias.*

**Acción 1:** Convocatoria proxectos

**Responsable:** Mar Lorenzo (Decana)

**Período execución:** primeiro semestre

**Evidencia documental:** convocatoria

**Indicadores:** 28, 56-59

**Meta:** aumentar a participación do profesorado

**Acción 2:** Xornada de innovación educativa

**Responsable:** Comisión

**Período execución:** primeiro semestre

**Evidencia documental:** Intranet e comunicacións

**Indicadores:** 43-49

**Meta:** difundir os proxectos en aberto.

### 6.4. Liña estratéxica 3. Infraestruturas e recursos: conservación, mellora a xestión eficiente.

**LEC 3: Infraestruturas e recursos: conservación, mellora a xestión eficiente.**

**OE 1: Demandar espazos ecoeficientes comúns e compartidos**

*As carencias materiais dos edificios, especialmente do situado no campus Norte.*

**Acción 1:** Mellora de postos de traballo

**Responsable:** Mar Lorenzo (Decana)

**Período execución:** 2024-2026

**Evidencia documental:** actas Xuntas de Facultade

**Indicador:** 64-65

**Meta:** conserxería, biblioteca e despachos no módulo C2 e campus Norte.

**OE 2: Restaurar e renovar dos espazos de docencia e investigación**

*Precísase atender á demanda da formación en innovación educativa fornecendo os medios para o seu desenvolvemento.*

**Acción 1:** Instalación dun espazo de innovación no campus Norte

**Responsable:** Mar Lorenzo (Decana)

**Período execución:** segundo semestre 2025

**Evidencia documental:** actas Xuntas de Facultade

**Indicador:** 72

**Meta:** Instalación dun espazo de innovación no campus Norte

**OE 3: Xerar e manter equipamentos flexibles e materiais docentes para unha docencia innovadora e o fortalecemento da convivencia**

*Xustificación do OE 1*

**Acción 1:** Revisión e promoción do noso patrimonio e posibilidades

**Responsable:** Mar Lorenzo (Decana)

**Período execución:** 2024-2026

**Evidencia documental:** comunicacións

**Indicadores:** 16-72

**Meta:** utilización de tódolos espazos da Facultade.



## 7. Desenvolvemento do PEC

### 7.1. Comisión ou grupo de traballo responsable da elaboración do PEC

Segundo establece o proceso *PE-01 Planificación Estratéxica* do Manual de Procesos do SGC da Facultade de Ciencias da Educación a Comisión de Calidade será a responsable, a iniciativa da Dirección, da elaboración do plan estratéxico. A composición da Comisión de Calidade encargada da elaboración do plan foi a seguinte:

Decana: Lorenzo Moledo, Mar

Responsable de calidade do centro: Dans Álvarez de Sotomayor, Isabel

Representantes de cada departamento:

- Sanjuán Roca, María del Mar e Blanco Anaya, Paloma (Directoras dos Departamentos desde novembro 2024)
- Santos Rego, Miguel e Armas Castro, José Ángel (Directores dos Departamento ata novembro 2024)

Coordinadoras/es titulacións grao e máster:

- Faya Cerqueiro, Fátima (Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria).
- García Marín, Jorge (Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación).
- Longueira Matos, Silvana (Grao en Educación Social)
- López Pena, Zósimo (Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas)
- Neira Rodríguez, Marta (Grao en Mestre/a en Educación Primaria).
- Sanjuan Roca, María del Mar (Máster Universitario en Procesos de Formación).
- Sotelino Losada, Alexandre / Gutiérrez Moar, María del C. (Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario).
- Varela Portela, Cristina (Grao en Mestre/a en Educación Infantil).
- Vázquez Rodríguez, Ana (Grao en Pedagogía).

Responsable da unidade de apoio e xestión de centros e departamentos: Vieites Torreiro, Dolores.

Representante de estudantes: Blanco Torres, Raquel.

Por outra parte, o equipo de dirección do centro (EDC) traballou coordinado coa Comisión de Calidade (CC) durante todo o proceso de elaboración do plan.

### 7.2. Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC

De acordo co proceso PE-01 (Planificación Estratéxica) do *Manual de Procesos do SGC da Facultade de Ciencias da Educación*, a Comisión de Calidade será a responsable, a iniciativa da Dirección, da elaboración do plan estratéxico, así como de seleccionar os grupos de interese que deben ser consultados e a forma de obter esa información.

No que respecta aos grupos de interese implicados na elaboración do Plan Estratéxico están conformados polo profesorado, alumnado e persoal de apoio que participan a través da Comisión de Calidade do Centro e están representados na xunta de facultade, o equipo de dirección, que forma parte de todos os órganos de decisión da Facultade e tamén está representado nos órganos de decisión da universidade. Os grupos de interese foron consultados en relación ás análises DAFO e CAME (Departamentos adscritos, PTXAS e membros da Xunta de Facultade) de xullo a setembro.

A petición de participación para detectar necesidades e intereses foi cursada o 15 de xullo de 2024 tralo encargo recibido polo EDC á CC, para iso enviouse unha enquisa nun formulario en liña a todos os representantes dos diferentes colectivos. En setembro foron analizados estes datos por catro membros voluntarios da CC, xunto coas aportacións feitas polo estudantado delegado, ás coordinacións dos títulos nas xuntanzas de final de curso 23-24 e principio do 24-25. Informada toda a facultade en Xunta de Facultade do 27/11/2024, estivo aberto un formulario para achegas de toda a facultade.



A proposta inicial do Plan foi aprobada pola CCC na súa reunión de 10 de xullo de 2024, despois de que fora aprobado o plan Estratéxico da USC o 25 de xuño de 2024. Fíxose a exposición pública, incluíndo comunicacións específicas aos grupos de interese do centro e a elaboración final foi aprobada pola CCC. Finalmente, a Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización emitiu informe favorable con data 10 de decembro de 2024 e a Xunta de Facultade (10/01/2024) e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno ( / /2025) aprobaron a versión definitiva do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias da Educación 2024-2026.

Como accións de difusión están previstas as seguintes:

1. Exposición pública na Intranet da Facultade e aviso a todo o estudiantado e profesorado para facer achegas a través dun formulario.
2. Envío aos colexios profesionais e asociacións vencelladas ás Ciencias da Educación: Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), Asociación a prol da creación do Colexio Oficial de Pedagogía e Psicopedagogía de Galicia (APCOPEGAL), Asociación Profesional de Pedagogos/as e Psicopedagogos/as de Galicia (APEGA), entre outras entidades e institucións educativas.
3. Envío ás persoas egresadas rexistradas na Facultade.

Todas estas accións garanten a participación de axentes internos e externos interesados na mellora da Facultade a través do PEC.